

TRIBUNA

BASILIO LOSADA
PROFESOR DE FILOLOXÍA GALEGA E PORTUGUESA

EU NON SON O ENTERRADOR DO GALEGO

A min os enterros amólanme, e non penso ir nin ó meu, cando me chegue. O caso é que un moi amigo meu, vendedor nun caseto na Feira do Libro, en Santiago, díxome o outro día: «Seica vas de enterrador do galego». E vexo que unha frase miña está a mover unha pequena tempestade no país. E veñen inquéritos nos xornais, e páxinas nalgún abecedario: «O Basilio di que o galego ten douscentos anos de vida, canto máis». Efectivamente, douscentos anos, canto máis, *se non mudan as circunstancias*.

As linguas, coma todo, réxense polo *principio de necesidade*. Din os biólogos que un órgano carente de función mirra e morre. Coas linguas pasa o mesmo: cando non son necesarias, desaparecen. Desapareceu o latín e desaparecerá o inglés, e o castelán. As grandes linguas morren por fragmentación; as pequenas, por deglución por outra lingua. O caso é que en Galicia, calquera pode vivir sen utilizar o galego. Dito doutra maneira: en Galicia o galego non é necesario para vivir. O castelán é necesario para vivir en Valladolid, e o checo, para vivir en Praga, pero na Coruña, ou en Barcelona, é posible vivir en castelán sen dificultade.

Con todo, convén sinalar que hai dúas formas de necesidade. Hai unha necesidade que poderíamos chamar absoluta, que sería a miña de aprender o checo se quero vivir en Praga; pero hai outra necesidade, que eu chamaría ética ou de autoestima: a dunhas xentes que non queren que o seu idioma morra, conscientes de que o idioma é a máxima creación colectiva e signo externo da existencia dun país. Hai cen anos, en Praga podía vivir calquera en alemán, e hoxe non. Os checos



decidiron que manter viva a súa lingua era unha necesidade ética. Caso semellante é o do neerlandés en Flandes. Conviría estudar os procesos que levaron nestes países a concienciar ós seus habitantes da obriga moral que tiñan co seu idioma.

Unha pequena lingua soe morrer por deglución. E o galego morrerá deglutido polo castelán, *se non mudan as circunstancias*. Ben quixese eu que fose deglutido polo portugués se non se pode manter vivo de por si, pero non parece que as cousas vaian por ese camiño. Os procesos de fragmentación das grandes linguas vense retardados hoxe pola escrita e a identidade ortográfica que dificulta a consolidación dos dialectos: o único que mantén ó inglés cun certo futuro de unidade é a ortografía —demencial— aceptada por tódolos falantes, pero chegará o día no que as diferenzas sexan tan grandes que nin a ortografía servirá de contención. E co francés pasa o mesmo.

E co español, en menor grao.

Volvemos ó rego: o galego non é necesario hoxe para vivir en Galicia, como o catalán non o é para vivir en Cataluña, e os filólogos cataláns temen polo futuro da súa lingua como temo eu polo da miña. Por outra parte, converter unha lingua en necesaria non depende totalmente das instancias políticas. Neste terreo, as imposicións non son eficaces. En Irlanda, o irlandés mantense en forma residual malia a protección do Estado, que lle deu o status privilexiado de primeira lingua oficial. Pero o irlandés non é necesario para vivir en Irlanda. Distinto é o caso do hebreo, lingua litúrxica, ritual, como o latín da Igrexa, pero que reviviu pola necesidade de entenderse, dentro do Estado de Israel, de xudeos procedentes dos Balcanes, do Yemen, de Somalia ou da Arxentina, cadaquén coa súa lingua. Todo morre, e un día o Everest será un cotarelo nafro, ou unha chaira, por máis que entón xa non

habera linguas no mundo porque non habera homes que as falen, que todos estarán mortos tamén, como morre todo.

Para manter vivo o galego mil primaveras máis cómpre facelo necesario, e non por imposición, senón por convencemento. Precisamos unha acción constante dos que nos sentimos responsables da súa pervivencia. Será unha acción apostólica, traballo de amor, que non de violencia. Habera que convencer ós galegos de que a supervivencia da lingua é unha esixencia de dignidade colectiva.

Dicía Pessoa: «a miña patria é a miña lingua». Eu estou convencido. Levo máis de sesenta anos fóra de Galicia, e aprendín a vivir con outras linguas que sempre sentín como prestadas. Coñecín países máis fermosos que Galicia, patrias onde a xente é máis culta, civil e cortés, pero en ningunha das outras patrias miñas falaban galego. Coleccionei patrias, patrias e linguas, e sei que unha Galicia que perdesse a lingua xa non sería unha patria para min. Escollería outra patria da miña colección. Non vou ver a desaparición do galego, pero cando iso ocorra, desde a outra banda, se é que se pode sentir algo, sentirei vergoña.

Teño pensado moitas veces, contradictoriamente, que querría vivir os últimos anos meus nun país onde se falasen varias linguas, sen imposicións, onde houbo diversas relixións, politeístas a ser posible, porque o politeísmo é unha boa escola de tolerancia, onde conviven razas e mestizaxes, tódolos posibles. A diversidade sería a garantía da miña liberdade, e poño a liberdade por riba de calquera outra esixencia. Gustaríame vivir nun país que cumprise ese ideal. Pero non.